

Galicia Hoxe

Página 1 de 1

O matemático francés André Antibí di que os docentes se ven obrigados a poñer notas baixas para ter prestixio e gañar respecto

Chus Cebro. Santiago

O fracaso dos alumnos en materias como matemáticas ou física pode ser por culpa dunha sociedade que presiona o profesor para converterse en óso e gañar prestixio.

Así o sostén na súa teoría da 'constante macabra ou cómo desalentamos a xeracións de alumnos' André Antibí, catedrático da Universidade Paul Sabatier de Toulouse e na Escola de Enxeñería de Sup-Aéro, que onte pronunciou unha conferencia sobre esta hipótese no acto de inauguración da remozada aula magna da Facultade de Matemáticas da Universidade de Santiago.

Antibí afonda nunha das disfuncións máis importantes do sistema educativo, aquela que se produce cando os docentes, case sempre inconscientes, xogan un papel de seleccionadores do alumnado. Segundo Antibí, nun grupo onde alumnos e profesor son excelentes se todas as notas son 'boas', aquel pode chegar a ser considerado como brando ou 'pouco serio'. Deste xeito, baixo a presión social, os docentes séntense obrigados a conseguir unha certa proporción de notas baixas, unha "constante macabra", que os fará máis cribles, converténdose así en 'seleccionadores' e 'desalentadores' de alumnos, cando a súa verdadeira función é a de ser 'formadores'.

As teorías de Antibí, ademais de espertar un interese mediático sen precedentes en Francia, abriron un gran debate no sistema educativo deste país.

'Contratos de confianza' en Francia

Asociacións de pais e sindicatos de docentes e alumnos, ademais das sinaturas particulares de numerosas personalidades, mesmo algún Medalla Fields (considerada o premio Nobel de matemáticas), como Jean-Christophe Yoccoz, pedíronlle ó goberno francés medidas para paliar o fracaso en matemáticas. Xa hai un proxecto piloto no que 200 profesores proban os 'contratos de confianza' para orientar o alumno no tipo de exame que deben realizar.